

OS COTOS

MARZO
2022



DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 8 DE MARZO



Naciones
Unidas

CUMPRE 70 ANOS

Dende a súa creación o 24 de outubro de 1945, a ONU busca promover a cooperación internacional trala devastación da Segunda Guerra Mundial. A ONU consagrou a igualdade de dereitos de mulleres e homes como aspecto fundamental da súa razón de ser. A carta fundacional da ONU sinala que, como parte de seu propósito, atópase o desenrolo e a promoción de “as liberdades fundamentais de todos, sen facer distinción de raza, sexo, idioma ou relixión”

O tema do Día Internacional da Muller do 8 de marzo de 2022, “Igualdade de xénero hoxe para un mañá sostible”, recoñece a contribución das mulleres e nenas de todo o mundo, que están liderando os esforzos de resposta, mitigación e adaptación ao cambio climático para construír un futuro máis sostible para todas as persoas.



193 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

“Un contiño para vivir”“A vaca e a granxa”

Un filósofo paseaba por un bosque cun discípulo nunha agradable conversa. Neste momento cruzaban o portal dunha granxa que, aínda que moi ben situada nunha fermosa paraxe, tiña unha pinta miserable. Chamaron á porta e foron recibidos: un matrimonio e tres fillos, coas roupas vellas e rotas. «Vostede está no medio deste bosque e non hai ningún comercio nos arredores- dixo o mestre ao pai de familia – Como sobreviven aquí? – E o home, calmadamente respondeu: – Amigo meu, temos unha vaquiña que nos dá leite todos os días. Unha parte vendémola ou cambiámola na aldea por outros alimentos; coa outra parte facemos queixo, callada e manteiga para o noso consumo. E así imos sobrevivindo».


O filósofo agradeceu a información, e marchouse. Na metade do camiño dixo ao discípulo: «Busca esa vaca, lévaa ata ese precipicio que temos enfronte e tíraa abaixo.» «Pero se é o único medio de sustento daquela familia!» O filósofo permaneceu mudo. Sen outra alternativa, o rapaz fixo o que lle ordenaban e a vaca morreu na caída. A escena quedou gravada na súa memoria.

Pasados moitos anos decidiu volver ao mesmo lugar, confesar todo á familia e pedirles perdón.

Cal non foi a súa sorpresa ao ver ao lugar transformado nunha bonita leira, con árbores floridas, coche no soportal e algúns nenos xogando no xardín. Desesperouse ao pensar que aquela humilde familia tivera que vender a propiedade para sobrevivir. Apurou o paso e foi recibido por un home moi simpático. Onde foi a familia que vivía aquí fai dez anos?. Preguntou. Continúan sendo os donos, foi a resposta. Asombrado, entrou correndo na casa, e o propietario recoñeceuno. Preguntoulle como estaba o filósofo, pero el estaba ansioso por saber como conseguira mellorar a granxa. Ben, nós tiñamos unha vaca, pero caeu ao precipicio e morreu, dixo o home. Entón, para manter á miña familia, tiven que plantar verduras e legumes. As plantas tardaban en medrar, así que comecei a cortar madeira para a súa venda. Ao facer isto, tiven que replantar as árbores, e necesitei comprar semente. Ao compralas, acordeime das roupas dos meus fillos e pensei que talvez podía cultivar algodón. Pasei un ano difícil, pero cando a colleita chegou, eu xa estaba a exportar legumes, algodón, e herbas aromáticas.

Foi unha sorte que aquela vaca morrese!

Cal é o dado que máis se repite?




**SANTO/a
PARA O MES
en marzo,
día 13, Roi**

Nome de orixe xermánica que significa “rico en fama, con moita gloria, príncipe glorioso, rei”.

É un nome medieval inmortalizado polo último rei visigodo, don Rodrigo. Tamén tivo este nome o Cid, Rodrigo Díaz de Vivar. Tamén tivo este nome Roi Xordo, un fidalgo galego, natural de Coruña, residente en Ferrol, que no 1431 encabezou a primeira revolta irmandiña (Irmandade Fusquenlla) contra o señor feudal coñecido como o Mao. San Rodrigo, foi un sacerdote, mártir en Córdoba o 13 de marzo do ano 867.

CONSELLO



ESPERANZA
“Tratar de manter sempre
un pedaciño de ceo azul
enriba da cabeza”
Marcel Proust

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



O mes de marzo está cheo de días importantes



O día 1 de marzo celébrase o Cero Discriminación. Todas as persoas teñen talentos únicos, que poden axudar e fortalecer as metas dos seus países. Todos os seres humanos gozamos dos mesmos dereitos. Moitas veces a discriminación ocorre por crenzas erradas que son transmitidas dunha xeración a outra ou por cuestións culturais dentro dunha soidade.



O día 3 de marzo celébrase o Día Mundial da Vida Silvestre, conmemórase o aniversario da aprobación no 1973 da convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre. Tamén se coñece o día como Día Mundial da Natureza.

A caza furtiva e o tráfico de especies son as ameazas máis importantes para a vida silvestre, aínda que existen outras causas como a perda de hábitat e o cambio climático.



Hai moitos máis días importantes no mes de marzo, **8 Día Internacional da Muller**, **19 San Xosé**, **20 Día Internacional da Felicidade**, **21 Día dos bosques**, **23 Día da Auga**, **26 Hora do Planeta** (día do apagón eléctrico dende as 20:30 ás 21:30).

Unhas palabras do Papa Francisco

Día da Man Roxa

O 12 de febreiro celebrouse o Día da man Roxa, co obxectivo de loitar contra o flaxelo dos "nenos soldado" e concienciar ao mundo sobre esta traxedia. O Papa Francisco fai unha chamada á xente dicindo "Aos nenos soldado róbaselle a súa infancia, a súa inocencia, o seu futuro e moitas veces a súa propia vida" "Cada un deles é un grito que se eleva a Deus e acusa aos adultos que lles poñen armas nas súas pequenas mans." Nun informe da UNICEF, uns 300 mil nenos e nenas son usados como soldados nas diversas guerras que hai no mundo.



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MARZO

DÍA 6	LECTURA	Rom 10, 8-13	Cerca de ti está a Palabra, no teu corazón
	EVANXEO	Lc 4, 1-13	Xesús foi tentado no deserto
DÍA 13	LECTURA	Flp 3, 20-4,1	Seguide firmes no Señor
	EVANXEO	Lc 9, 28-36	Este é o meu Fillo, o elixido, escoitádeo
DÍA 20	LECTURA	1 Cor 10, 1-6.10-12	Quen crea estar de pe, teña coidado non caer
	EVANXEO	Lc 13, 1-9	Deixa un ano máis, a ver se dá froito
DÍA 27	LECTURA	2 Cor 5, 17-21	Deixádevos reconciliar con Deus
	EVANXEO	Lc 15, 1-3.11-32	A parábola do pai bo, e os dous fillos